

Informe sobre as variacións dos Índices de prezos de consumo

Datos correspondentes a setembro de 2025


Data de publicación: 15/10/2025

Principais resultados

- En setembro de 2025, o índice xeral rexistrou un aumento interanual do 2,9 % en Galicia.
- A taxa de variación mensual do índice foi do -0,4 %.
- A taxa interanual da inflación subxacente foi dun 2 %.

Índice xeral e subxacente. Galicia

Unidade: Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE. Índices de precios de consumo. Extraído de <http://www.ine.es>.

1. O IPC do mes de setembro de 2025

O IPC de Galicia aumentou o 2,9 % en taxa interanual, unha décima menos que en España (3 %). Respecto a agosto, os prezos diminuíron o 0,4 % en Galicia e o 0,3 % en España.

IPC xeral

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
Galicia	-0,4	1,3	2,9
España	-0,3	1,7	3,0

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

A variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi do 2 %, catro décimas menos que a nivel estatal (2,4 %).

2. Variacións intermensuais

En variación intermensuais, os grupos con maiores incrementos dos prezos en Galicia foron "Ensino" (1,3 %) e "Vestido e calzado" (1,2 %).

En senso contrario, os grupos con maior baixada dos prezos foron "Ocio e cultura" (-3,2 %) e "Restaurantes e hoteis" (-0,8 %).

Índice xeral e por grupos ECOICOP

Unidade: Taxa de variación mensual (%)

Grupo ECOICOP	Galicia	España
Índice xeral	-0,4	-0,3
Alimentos e bebidas non alcohólicas	-0,2	-0,1
Bebidas alcohólicas e tabaco	0,0	0,2
Vestido e calzado	1,2	2,5
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	-0,1	0,4
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	-0,1	0,1
Sanidade	0,1	0,1
Transporte	-0,7	-0,7
Comunicacións	-0,1	-0,1
Ocio e cultura	-3,2	-4,2
Ensino	1,3	1,4
Restaurantes e hoteis	-0,8	0,2
Outros bens e servizos	0,4	0,0

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

3. Variacións interanuais

Todos os grupos rexistran taxas de variación interanual positivas. Os grupos con maior crecemento interanual dos prezos son "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (6,6 %) e "Restaurantes e hoteis" (4,7 %).

Índice xeral e por grupos ECOICOP

Unidade: Taxa de variación anual (%)

Grupo ECOICOP	Galicia	España
Índice xeral	2,9	3,0
Alimentos e bebidas non alcohólicas	2,4	2,4
Bebidas alcohólicas e tabaco	3,8	4,2
Vestido e calzado	1,3	0,8
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	6,6	7,1
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	0,2	0,8
Sanidade	2,1	2,0
Transporte	2,2	2,2
Comunicacións	0,8	0,9
Ocio e cultura	1,0	0,6
Ensino	2,3	2,8
Restaurantes e hoteis	4,7	4,3
Outros bens e servizos	3,2	3,5

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

4. Información por provincias

En relación cos índices provinciais, a taxa de variación mensual dos prezos variou entre o -0,5 % da Coruña e o -0,3 % de Lugo.

En variación interanual, as taxas movéronse entre o 2,8 % da Coruña e Pontevedra e o 3,2 % de Ourense.

IPC xeral por provincias

Unidade: Taxa de variación (%)

Provincia	Mensual	No que vai de ano	Anual
A Coruña	-0,5	1,4	2,8
Lugo	-0,3	1,2	3,1
Ourense	-0,4	1,4	3,2
Pontevedra	-0,4	1,3	2,8
Galicia	-0,4	1,3	2,9

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

5. Información por comunidades e cidades autónomas

A taxa de variación mensual do IPC moveuse entre o -0,9 % de Principado de Asturias e o 0,3 % de Comunidade de Madrid.

En termos de inflación interanual, a taxa variou entre o 2,2 % de Canarias e o 3,9 % de Ceuta.

IPC xeral nas comunidades e cidades autónomas

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
España	-0,3	1,7	3,0
Andalucía	-0,2	1,6	3,1
Aragón	-0,3	1,6	3,2
Asturias (Principado de)	-0,9	1,8	3,1
Baleares, Illas	-0,6	2,4	3,3
Canarias	-0,7	1,1	2,2
Cantabria	-0,7	1,3	2,8
Castela e León	-0,3	1,4	3,0
Castela-A Mancha	-0,2	1,2	2,7
Cataluña	-0,5	1,5	2,6
Comunidade Valenciana	-0,4	2,1	3,4
Estremadura	-0,4	1,4	3,0
Galicia	-0,4	1,3	2,9
Madrid, Comunidade de	0,3	2,2	3,5
Murcia, Rexión de	-0,3	1,1	2,4
Navarra, Comunidade Foral de	-0,7	1,2	2,8
País Vasco	-0,3	1,8	3,3
Rioxa, A	-0,4	1,1	2,8
Ceuta	-0,3	2,4	3,9
Melilla	-0,7	1,0	2,8

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

6. Previsións

O valor previsto para a variación interanual do índice xeral de Galicia era do 2,9 % no mes de setembro de 2025, igual ao valor acadado polo índice. Na inflación subxacente, a predición (2,3 %) foi tres décimas superior ao valor finalmente observado (2 %).

Avaliación das previsións do mes de setembro . Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual		Anual	
	Observada	Predición	Observada	Predición
Índice xeral	-0,4	-0,4	2,9	2,9
Inflación subxacente	-0,5	-0,3	2,0	2,3
Alimentos sen elaboración	0,2	-0,6	7,7	6,8
Alimentos elaborados	-0,4	0,1	0,6	1,0
Bens industriais sen produtos enerxéticos	0,3	0,5	0,8	1,0
Produtos enerxéticos	-0,3	-0,8	6,8	6,3
Servizos	-0,9	-0,8	3,3	3,4

Fonte: IGE.

A predición para o mes de outubro de 2025 do IPC xeral en Galicia é dunha taxa interanual do 2,7 %, dúas décimas inferior á rexistrada en setembro. A predición sobre o mes anterior é dunha taxa do 0,6 %.

Previsións para o mes de outubro . Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual	Anual
Índice xeral	0,6	2,7
Inflación subxacente	0,6	1,9
Alimentos sen elaboración	1,8	7,3
Alimentos elaborados	0,4	0,3
Bens industriais sen produtos enerxéticos	2,1	0,7
Produtos enerxéticos	-0,5	5,7
Servizos	0,0	3,2

Fonte: IGE. Informe sobre as variacións dos índices de prezos de consumo ([descarga da táboa](#)).

7. Notas metodolóxicas

A predición do IPC xeral baséase na desagregación do mesmo en cinco compoñentes. Esta desagregación realízase da seguinte forma: unha primeira desagregación entre bens e servizos partindo da base de que a estrutura de custos e a facilidade a niveis maiores de competencia é moi distinta nestes dous grupos. Dentro do sector de bens, as características da oferta son moi distintas e convén distinguir fundamentalmente catro tipos de bens: alimentos non elaborados, alimentos elaborados, bens industriais sen produtos enerxéticos e produtos enerxéticos. No sector servizos non se realiza ningunha distinción.

Para cada un dos compoñentes realízase unha modelización univariante, agás para os combustibles e carburantes (un dos compoñentes de produtos enerxéticos) onde se contrasta a súa evolución cos prezos do cru nos mercados internacionais e cos prezos dos combustibles e da electricidade a través de modelos BVAR.